

Editorial



Como é ben sabido, entre os principais valores do patrimonio cultural están o de ser, por un lado, fonte de información e documento histórico e, por outro, un acervo ou herdanza cultural, social e identitaria. Os xacementos e os materiais arqueolóxicos ofrecen datos e informacións para o investigador pero, ao mesmo tempo, constitúen un patrimonio de utilidade social no seu máis amplo sentido: educativo e didáctico, económico, turístico...

O concepto de "musealización", aplicado a sitios arqueolóxicos, tense debatido en reunións e foros sobre o tema, pois dito termo supón equiparar a presentación, exhibición ou adecuación duns restos para a visita comprensible dun xacemento, ao complexo mundo de funcións, obxectivos, actividades e misións dun museo, que van moito máis aló da simple -ou complicada- exposición de restos materiais. A bibliografía existente a este respecto é extensa e variada pero a coincidencia parece ser total á hora de considerar a musealización como un programa que permita, ademais da propia conservación e o achegamento do patrimonio arqueolóxico a todo tipo de público e facilitarlle a este, *in extenso*, a súa lectura, interpretación e aproveitamento, coa esixencia dunhas condicións determinadas de rigor

e seriedade pero tamén de amenidade e uso para o lecer, o que conecta con outros temas como, por exemplo, o do turismo cultural.

Hai hoxe diversos modelos posibles que permiten aproveitar desde o punto de vista social, cultural, educativo, turístico e incluso puramente económico, o patrimonio arqueolóxico e concretamente os xacementos chamados ás veces "visitables", cunha connotación que deixa ver cal é un dos seus obxectivos e utilidades principais.

Os parques, áreas ou zonas arqueolóxicas poden ser figuras moi sinxelas na súa conformación e presentación, se ben hoxe se tende a complementalas, lóxica e razoadamente, cos chamados centros de interpretación (ou incluso aulas didácticas, áreas de acollida, centros de recepción...). As lexislacións autonómicas, como en Aragón ou Andalucía, veñen recollendo nos últimos anos figuras patrimoniais e xurídicas como os "parques", "espazos" ou "paisaxes" culturais, arqueolóxicos ou monumentais e isto é indicativo da actual tendencia nestes temas, deixando á parte os denominados parques temáticos de clara connotación lúdica, turística e sobre todo económica.

Todas as variantes posibles están presentes na bibliografía e entre elas, por dereito propio e de xeito destacado, os museos de sitio arqueolóxico, é dicir, os centros que cumpren as tres funcións museísticas básicas (conservación, investigación e comunicación) e contan ademais con fondos patrimoniais reais (e non só “virtuais”); este é o caso do noso Museo do Castro de Viladonga.

Outras figuras, como os centros de interpretación, en xeral véñense diferenciando dos anteriores precisamente pola ausencia de patrimonio moble -real- que apoie o seu discurso e que poden ser tanto de xacementos como de áreas e paisaxes culturais extensos. As aulas didácticas, similares ás veces aos anteriores centros, teñen, como o seu nome indica, unha vocación máis educativa e xeralmente non dispoñen de restos materiais. Os centros de recepción de visitantes adoitan ser os máis sinxelos e os menos custosos pois funcionan como oficinas de información e orientación para a visita, tanto cultural como, ou a maiores, un simple servizo turístico.

Pois ben, todo isto (interpretación, didactismo, información, atención ao público...) tamén o cumpre o noso Museo e, ademais, conserva, documenta e expón un patrimonio arqueolóxico tan numeroso en cantidade como singular e valioso en calidade.

No caso da provincia de Lugo, dentro dos parámetros xerais galegos, o futuro dirá cales son as figuras patrimoniais e xurídicas polas que as distintas administracións (e principalmente a autonómica) se vai optar maiormente, pero é obvio que todas poden ser positivas para o patrimonio arqueolóxico e para a sociedade, sempre pensando en documentar, interpretar e comunicar (e a maiores, se é caso, conservar e transmitir) unha irrepertible herdanza material e inmaterial. Sitios como a mesma cidade de Lugo, os castros de Fazouro, Formigueiros ou Zoñán (por citar só tres exemplos ben representativos), a vila romana de Area, os xacementos paleolíticos do Sur e Leste lucense (cuns problemas singulares e específicos á hora da súa posible “musealización” e “patrimonialización”) marcarán os trazos dese futuro, pero cremos que o exemplo e a referencia de Viladonga non é precisamente para deixar de lado despois de catro décadas de traballo arqueolóxico e máis de vinte e cinco anos de esforzo e difusión museística.